

BIC MATERIALES Y CONSERVACIÓN, S.L.L.



Nun principio tivemos que enfrontarnos á dificultade de darnos a coñecer e atopar clientes que confiasen na nosa forma de ver a restauración

Purificación Rosales Couso

Datos básicos

Actividade:	Restauración de patrimonio
Sector de actividade	Actividade de asesoría, consultoría e investigación
Nº empregados	6
Inversión inicial	78.130 €
Financiamento inicial:	Parte do investimento inicial (30.000 €) foi financiada con fondos propios. O resto foi financiado cun préstamo a longo prazo.
Web:	
Municipio:	Pontevedra, Pontevedra
Ano creación:	2000

Descrición do proxecto

O proxecto inicial foise modificando por diferentes causas, e neste momento podemos describir as seguintes áreas de negocio:

- Restauración de obras de pedra.
- Intervencións arqueolóxicas (debuxo arqueolóxico, intervencións "in situ" e musealización).
- Venda de materiais de restauración.
- Venda de materiais de bioconstrución como cal, pinturas ao silicato, produtos para madeira, etc. (somos os distribuidores en Galicia de HEIM, LIVOS, CESA).



Datos empresa

Claves do éxito

- Traballar de modo rigoroso.
- Bo trato aos clientes. Servizo rápido e atención personalizada.
- Colaboración con especialistas.
- Non escatimar en gastos e realizar o investimento necesario para desenvolver a actividade con rigor e profesionalidade.

Situación actual

O mercado abriuse. Estamos a conseguir obras con entidades como a zona franca, concellos, etc.
A venda de material está a dar froitos na área da restauración da pedra. As construtoras chámannos para que lles prestemos asesoramento e para que lles levemos as obras máis delicadas.
E en canto aos materiais de restauración, estamos a conseguir que case todos os museos e institucións nos merquen.

Perfil cliente

- Podemos diferenciar tres tipos de clientes:
- Arqueólogos e restauradores.
 - Arquitectos, empresas de construción, concellos, etc.
 - Particulares e asociacións.



Idea inicial

Durante un tempo, traballamos en empresas de restauración, e os tres démonos conta de que adocían dun investimento inicial suficiente para garantir unha labor rigorosa en restauración.

Por iso pensamos que había mercado para unha empresa como BIC, e complementamos o sector da restauración con outras áreas de negocio para rendibilizar o forte investimento.

Principales dificultades y amenazas futuras

Nun principio tivemos que enfrontarnos á dificultade de darnos a coñecer e atopar clientes que confiasen na nosa forma de ver a restauración. O proceso foi moi lento porque os clientes son persoas remisas aos cambios e negocian prezos moi axustados.

Perfil promotores

Purificación Rosales é licenciada en Filosofía e diplomada en Restauración e Conservación, especialidade Pintura.

A empresa conta con dous socios máis.

Aptitudes necesarias

Constancia, paciencia e forza persoal son necesarias para superar as situacións difíciles. Tamén espírito de sacrificio.



Guía de Actividad

Xestión de patrimonio (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

**A independencia que proporciona
Ser o meu propio xefe**

Formación

¿Recibi información específica sobre a creación de empresas?

Si. O curso do programa LANZA.

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Considerámolo moi necesario para previr problemas e estar preparados para situacións imprevistas que se van a producir no día a día.

Anekdotario

Non dispoñible





C.E.E.I. GALICIA S.A. (BIC GALICIA) – Banco de Proxectos

Páx: 5

BIC Materiales y Conservación S.L.L.
